



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

DECRETO ALCALDÍA

O traballador don Esteban Carracedo Toimil seleccionado ao abeiro do "Programa Depuemprego", causou baixa voluntaria o día 12 de xullo de 2017, alegando a súa incorporación a outro posto de traballo.

Debido a tal circunstancia e co obxectivo de dar cumprimento ao convenio de colaboración suscrito entre a Excmá Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pastoriza para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego" é ao non quedar bolsa de traballo no proceso de selección inicial, é necesario proceder a unha nova selección de persoal para cubrir a praza vacante.

Con tal fin serán utilizadas as mesmas bases que foron aprobadas por Decreto da alcaldía de data 9 de novembro de 2016 e ratificadas pola Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2016, efectuando os seguintes cambios:

Duración do contrato: dende a formalización do contrato ata o día 25 de outubro de 2017, cumprindo co estipulado na cláusula, parágrafo cuarto do mencionado convenio de colaboración

Prazo de presentación de instancias: do 18 de xullo ao 20 de xullo de 2017.

Requisitos dos aspirantes para tomar parte no novo proceso de selección:

- Ter 16 anos de idade e non ter acadado o idade de xubilación forzosa.
- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.
- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución judicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou ensituación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Estar en posesión do carne de conducir B.



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

Vista a necesidade de dar continuidade ao Programa Depuemprego, urxe iniciar un novo proceso de selección e efectuar cambios nas bases de selección co obxectivo de adaptalas e axilizar ao máximo as futuras datas previstas:

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar os cambios efectuados nas bases de selección publicadas o día 9 de novembro de 2016, para cubrir unha vacante de peón para o concello da Pastoriza a través do Programa Depuemprego.-

Segundo.- Publicar novo prazo de presentación de instancias nun diario de maior tiraxe da Provincia de Lugo, así como na sede electrónica e no taboleiro de anuncios deste concello e comunicar os cambios efectuados á Excmá Deputación Provincial de Lugo.-

Terceiro.- Aprobar as indicadas modificacións das bases de selección do día 9 de novembro de 2016 por Decreto da alcaldía.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, na Pastoriza a dezasete de xullo de dous mil dezaseis.-

O alcalde



Primitivo Iglesias Sierra

O secretario

Pedro Pardo Fernández



BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DE TRES PEÓNS PARA O CONCELLO DA PASTORIZA.

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto destas bases específicas é a contratación en réxime laboral temporal de tres peóns para o Concello da Pastoriza, para levar á cabo as contratacións a través de convenio formalizado polo Concello da Pastoriza e a Deputación Provincial de Lugo para o desempeño das funcións de interese social, ao abeiro do "Programa Depuemprego".

O proceso selectivo será o de concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 de outubro (en adiante TRLEBEP).

SEGUNDO.- DURACIÓN DO CONTRATO

A contratación laboral terá unha duración de 10 meses dende a formalización do contrato e un límite temporal do 30/10/2017. A prestación da xornada de traballo farase a xornada completa.

TERCEIRO.-NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se regula o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto Legislativo 2/2005, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

CUARTO.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP:

- 1.-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- 2.-Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea, sexa de aplicación a libre circulación de trabaxadores nos termos esgtablecidos na normativa vixente.
- 3.-Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

deberán cumprirse tanto no momento de presentación de solicitudes, como no momento da selección e da formalización do contrato.

4.-Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Graduado Escolar ou equivalente. No caso de aportar certificación obtida no estranxeiro deberá achegar a documentación que acredite a súa homologación.

5.-Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

6.-Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución judicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou ensituación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

7.-Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

8.-Estar en posesión do carne de conducir B.

QUINTO.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Xunto coa solicitude débense achegar copias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso de méritos. Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada da seguinte documentación:

- 1.-Fotocopia do D.N.I do solicitante ou equivalente.
- 2.-Fotocopia do título de Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
- 3.-Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral do Concello da Pastoriza ou nos lugares habilitados aos efectos, acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Jurídico das Adminsitracións Públicas ou Procedemento Administrativo Común, no prazo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello da Pastoriza.

Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SEXTO.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1.-Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicárase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello. Contra esta resolución os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de tres días naturais desde a súa publicación nos medios establecidos no parágrafo anterior. No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma listaxe definitiva de aspirantes.

2.-No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicáranse na sede electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello.

SÉTIMO.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador do proceso Selectivo designárase de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLEBEP e estará composto polos seguintes membros:

Presidente: un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública, xunto co seu suplente.

Vogais:

3 vogais: un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública, xunto cos seus suplentes .

Secretario: o do Concello ou funcionario ou persoal laboral do Concello ou doutras administracións en quen delegue, sen voz nin voto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

OITAVO.-PROCESO SELECTIVO

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas prácticas determinadas polo tribunal cualificador.

TERASE EN CONTA AOS COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL. A PUNTUACIÓN MÁXIMA DESTE APARTADO É DE 3 PUNTOS.

- Ser muller: 0,50 puntos
- Ter máis de 45 anos: 0,35 puntos
- Persoas con discapacidade: 0,05
- Parados de longa duración: 0,05
- Persoas vítimas de violencia de xénero: 0,05
- Antigüidade como demandante de emprego inscrito na Oficina Pública de Emprego: 0,05 puntos por mes ata un máximo de 1 punto.
- Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/a solicitante, o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de 30 anos, ou persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: 2 puntos.

Os dous últimos criterios acreditaranse respectivamente mediante o certificado ou documentación acreditativa expedida pola oficina pública de emprego e o certificado do Padrón de habitantes do concello onde resida.

VALORACIÓN DE MÉRITOS. PUNTAUCIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS

Méritos que se valorarán:

1.-Experiencia profesional e servizos prestados a puntuación máxima deste apartado será de **1 punto**.

- Por prestación de servizos en Administracións Públicas no posto de peón ou similar, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,10 puntos/mes completo.
- Por prestación de servizos en empresas privadas no posto de peón ou similar mediante relación laboral: 0,05 puntos/mes completo.

Non se terá en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

ACREDITACIÓN: So se terá en conta a experiencia debidamente acreditada. No caso de experiencia adquirida na Administración acreditarse mediante certificado expedido pola correspondente unidade de persoal con indicación da duración do contrato e categoría profesional, e se os servizos se prestaron en empresas privadas mediante certificado de vida laboral expedido pola tesourería xeral da seguridade social xunto co certificado de empresa, ou contrato de traballo inscrito no servizo público de emprego estatal ou nóminas nos que se poida comprobar a duración do contrato e que a categoría profesional ou as funcións e tarefas realizadas se corresponden coas propia da praza ofertada.

Cando a experiencia profesional se derive da realización dun traballo por conta propia, a copia dos contratos de traballo substituírse por copia do contrato ou contratos de servizos deran lugar á experiencia alegada ademais da copia da alta de autónomos.

Entenderase debidamente acreditada a experiencia naqueles casos en que conste claramente a duración do contrato e a categoría profesional ou funcións



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

2.-Cursos de formación sobre materia directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de **1 punto**.

-Cursos ou xornadas sen establecer a súa duración.....	0,10
-Cursos ou xornadas inferior a 20 horas.....	0,15
- Cursos ou xornadas de 20 a 50 horas.....	0,20
- Cursos ou xornadas de 51 a 100 horas.....	0,30
- Cursos ou xornadas de 101 a 300 horas.....	0,35
- Cursos ou xornadas de máis de 300 horas.....	0,40

3.- Por coñecemento do idioma galego ata un máximo de **1 punto**.

- CELGA 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º curso da Escola Oficial de Idiomas: 0,50 puntos
- CELGA 4, curso de perfeccionamento, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega, curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º, 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas: 1 punto.

Forma de acreditación: acreditarase mediante fotocopia compulsada do título, certificados do órgano responsable de impartilos ou títulos correspondentes dos cursos de formación.

SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 14 PUNTOS

a.) Proba Práctica: A fase da oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/os aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón de servizos do Concello da Pastoriza.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala proba.

b.) Entrevista curricular: A entrevista curricular terá como finalidade apreciar o dominio dos coñecementos, formación e experiencia acreditada no currículo, en relación co posto de traballo ao que se opta.

A entrevista consistirá nunha serie de preguntas iguais para todos os aspirantes que versarán sobre o grao de formación xeral e técnica, valorando principalmente a adecuación entre os méritos alegados e o perfil do posto.

A entrevista valorarase ata un máximo de 4 puntos.

Correspónderalle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

NOVENO.-PROPOSTA DE SELECCIÓN

A puntuación total dos aspirantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 20 puntos.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, e elevará dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos que superaron a fase de oposición.

DÉCIMO.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de 2 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da proposta de selección na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello, deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 4ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- Fotocopia D.N.I ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Certificado médico ou informe médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das tarefas para as que solicita ser contratado/a e, polo tanto, estar capacitado/a para o desempeño do posto de traballo ao que aspira.
- Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente. (conforme ao Anexo II)
- Declaración xurada de cumprir todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.(conforme ao Anexo II)
- Número da conta bancaria (IBAN).

DÉCIMO PRIMEIRA.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Á vista da proposta da Comisión de Selección e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

DÉCIMO SEGUNDA.-IMPUGNACIÓN

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de Réxime Xurídico das Admnsitracións Públicas.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía jurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

A Pastoriza, 9 de novembro de 2016.
O Alcalde,